

MANIFESTO POLA SUPERVIVENCIA DOS PRODUTORES E PRODUTORAS DE ECOLÓXICO DE GALICIA

A Plataforma de produtores e produtoras de ecolóxico de Galicia somos unha **agrupación de labregos e labregas**, que producimos baixo as normas da Certificación Ecolóxica en Galicia, e que nace para defender o noso futuro ante a falta de previsión orzamentaria da Xunta de Galicia para a nova PAC 2023-2027 a este modelo de produción.

No ano 2019 a Comisión Europea presentou o **Pacto Verde Europeo**, que foi asumido polos estados membros e considerado de máxima prioridade. Neste pacto recóllese o compromiso de ter o 25% da superficie agraria certificada en ecolóxico en 2030.

Dende a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, no marco do **Plan Estratéxico de Producción Ecolóxica de Galicia 2018-2022**, levan anos promovendo a produción ecolóxica, investindo diñeiro público en dita promoción, e insistindo na necesidade de aumentar a superficie certificada en ecolóxico. Pero a realidade é outra ben diferente. Vimos de escoitar en diferentes actos públicos, estes días, a responsables da Consellería que contan cun orzamento de 3,18 millóns de euros e que faltan algo máis de 2 millóns de euros para cubrir a convocatoria do ano 2022, co cal se aplicarán criterios de priorización. Estes criterios son inxustos e irracionais e implicarán que máis do 50% dos solicitantes queden fóra das axudas, tanto novas inscricións como produtores que leven moitos anos certificando. Para os anos sucesivos a situación pode ser aínda moito peor, obrigando aos produtores a adquirir compromisos temporais de 5 anos, renunciando a posibilidade de solicitar axudas en convencional, sen ter garantida a cobertura económica de ditas axudas por parte da Xunta de Galicia.

Todo isto nun contexto social e económico verdadeiramente delicado, poida que sexa a maior crise da historia do sector ecolóxico en Galicia, cun incremento de custes sen precedentes e cun mercado enerxético cada vez máis inestable e con prezos a alza.

Non esquezamos que, non só somos produtores, senón tamén unha parte importante do tecido socio-económico do rural, producimos alimentos sostibles, de gran calidade, contribuímos o mantemento da biodiversidade, a mitigar o cambio climático, a prevención de incendios.

A Consellería tiña xa coñecemento de que a superficie certificada aumentaba de forma considerable, unhas 12000 hectáreas, o cal debería implicar o correspondente aumento orzamentario. É evidente a falta de previsión, así como un menosprezo importante ós produtores e produtoras de ecolóxico, sabedores de que esta situación pode poñer en entredito a viabilidade dos nos proxectos vitais.

Despois do exposto, **SOLICITAMOS** á Xunta de Galicia:

Que subsane de inmediato a súa falta de previsión ampliando o orzamento para a agricultura ecolóxica para que ningún produtor e produtora que cumpra os criterios precisos quede sen a correspondente axuda tanto na solicitude 2022 como na 2023-2027.

Plataforma de produtores e produtoras de ecolóxico de Galicia.